

A POBOACIÓN CRECE EN ESPAÑA GRAZAS ÁS PERSOAS DE NACIONALIDADE ESTRANXEIRA

España supera por primeira vez os 48 millóns de habitantes e a poboación de nacionalidade estranxeira rebasa os seis millóns de persoas



Redacción.- Con motivo do Día Mundial da Poboación, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores publicou un informe sobre poboación censada, ocupada e afiliada á Seguridade Social e un dos datos máis relevantes é que, ao 1 de xaneiro de 2023, España superou por primeira vez os 48 millóns de habitantes.

Tamén, por primeira vez, a poboación de nacionalidade estranxeira censada superou os 6 millóns de persoas e, igualmente, é a primeira ocasión en que as mulleres estranxeiras representan máis do 50% das persoas de nacionalidade estranxeira residente en España.

Entre os datos do informe o sindicato destaca así mesmo que:

- Entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023 a poboación censada aumentou en 598.634 persoas, un incremento que se debe fundamentalmente ao aumento dos residentes de nacionalidade estranxeira en 580.688 persoas, o 97% do incremento total, dos que o 51,3% (307.346) eran mulleres.

- As mulleres supoñen no ano 2023 o 50,02% da poboación de nacionalidade estranxeira total, sendo a primeira vez que a porcentaxe de poboación estranxeira feminina é maior

que a masculina, tanto na Estatística do Padrón Continúo como nos Censos de Poboación e Vivenda. Superan esa porcentaxe no Principado de Asturias (53,94%), as cidades autónomas de Ceuta e Melilla co 53,83% e 53,30% respectivamente, seguidas de Cantabria con 52,59%, a Comunidade de Madrid con 52,56%, Extremadura con 52,41%, Galicia co 52,14%, Castela e León cun 51,03%, Canarias con 50,54%, A Ríoxa con 50,45% e a Comunitat Valenciana co 50,30%.

- Ademais, no ano 2023 superouse a cifra de 21.000.000 de persoas ocupadas pasando de 20.547.500 en 2022 a 21.182.200 en 2023 e, deste aumento de 634.700 persoas entre ambos os anos, o 49,6% corresponde a persoas de nacionalidade estranxeira

- Do incremento entre 2022 e 2023 de persoas estranxeiras ocupadas, 315.000, o 62,8% eran mulleres (198.000).

- En canto á evolución dos datos de afiliación e alta da Seguridade Social por nacionalidade entre 2022 e 2023, do incremento en 534.057 persoas, o 42,44% teñen nacionalidade estranxeira de maneira que, se no ano 2022 a poboación estranxeira supoñía o 11,92% da poboación total afiliada, en 2023, pasou a represen-

tar o 12,7%.

- Do crecemento de persoas estranxeiras afiliadas entre 2022 e 2023, 226.673, o 47,3% correspondía a mulleres estranxeiras (107.393).

Galicia en cifras

- A poboación de Galicia medrou en 6.599 persoas (0,24%), é unha das comunidades cun incremento máis baixo.

- Sobre o total da poboación censada, o 5,16% é estranxeira, un total de 139.306 persoas.

- Galicia é a segunda comunidade autónoma que menos poboación estranxeira censada ten sobre o total da poboación, a porcentaxe só en menor en Extremadura.

- Sobre o total da poboación estranxeira censada en Galicia, o 52,14 son mulleres. En Galicia as mulleres estranxeiras sobre o total das mulleres representan o 5,19%.

- Hai 67.400 persoas ocupadas de nacionalidade estranxeira, 8.500 máis que no período anterior.

- O 6% das mulleres ocupadas, son estranxeiras.

O SECTOR DAS AMBULANCIAS DEMANDA Á XUNTA AS LICITACIÓNS XA E QUE SE FAGAN CON DOTACIÓN ECONÓMICA SUFICIENTE

Redacción.- Traballadores e traballadoras do sector das ambulancias concentráronse este mércores diante da Consellería de Sanidade en Santiago para denunciar o atraso na licitación dos novos concursos do transporte sanitario e os prexuízos que esta inacción da Xunta lles pode traer consigo, como, por exemplo, non cobrar a paga de reposición recollida no convenio colectivo.

Nin sequera foron publicados os pregos de condicións dos contratos do transporte sanitario non urgente.

Neste contexto, o persoal acordou iniciar mobilizacións e remitir un escrito á Consellería para que informe dos prazos que manexa para sacar os contratos e recla-



marlle a máxima dilixencia.

Ademais da urxencia das licitacións, dende UGT Servizos Públicos indican que

esta debe facerse coa dotación económica suficiente e que garanta en todo momento o cumprimento dos compromisos establecidos no convenio colectivo.

UGT OPONSE AO ERE DE VODAFONE

O Goberno ten a obriga de regular o sector

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou o martes nunha concentración dos traballadores e traballadoras de Vodafone ante o Ministerio para a Transformación Dixital para protestar contra o ERE exposto pola empresa e esixiu á compañía “unha negociación seria” e ao Goberno que presione á empresa e, na medida do posible, “que se faga reversible un expediente de regulación de emprego que non ten ningún sentido”.

Pepe Álvarez subliñou que as propostas da empresa distan moito do que podería denominarse como unha negociación seria tanto no número de despedimentos expostos como nas indemnizacións que se expoñen, e insta ao Executivo a que acometa unha regulación do sector para impedir que haxa movementos como o que provocou esta situación, que só teñen un obxectivo que é a especulación e o diñeiro fácil porque “os españois e as españolas estamos desprotexidos”.

Ademais, sinalou que é necesario que os expedientes de regulación de emprego “non poidan liquidarse só nun mes”, porque isto escorrenaría este tipo de operacións por parte dos fondos voitre.

Nese sentido, Álvarez incidiu en que estes fondos voitre actúan de



maneira impune, sen que ninguén o impida, e “levan o diñeiro á conta dos postos de traballo e os proxectos de vida de centenaes de traballadores. Algo que hoxe lles pasa aos traballadores de Vodafone, pero mañá pode ocorrer en calquera outra empresa”.

“Imos negociar, pero imos facer moito máis que negociar, non só mobilizarnos, imos tentar que este atropelo non se produza. Vodafone ten que ser consciente de que é unha empresa que depende duns cidadáns e dunhas cidadás ás que non lles

gustan os abusos e que van estar moi atentos”.

O Goberno comprometeuse, nunha reunión na que estiveron presentes os representantes dos traballadores, así como os do sector, e o secretario xeral de UGT a coordinarse cos sindicatos á hora de negociar fusións e expedientes.

Lembrar que xa a semana anterior tiveron lugar mobilizacións ao longo de todo o territorio nacional, en Galicia, concretamente, na Coruña e Vigo.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA LIMPEZA VIARIA DE POIO EN FOLGA A PARTIR DO DÍA 22

Levan co convenio sen revisar dende o 2019, perdendo máis de 17 puntos de poder adquisitivo

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do servizo de limpeza viaria do concello de Poio, da empresa Valoriza, decidiron a convocatoria de folga, de carácter indefinido, a partir do día 22 de xullo, ante a imposibilidade de chegar a un acordo de convenio colectivo coa empresa.

Este leva sen ser revisado dende o ano 2019, data na que foi constituída a comisión negociadora do

mesmo, celebrándose dende entón tan só catro xuntanzas, sen atender en ningunha delas as demandas dos traballadores e traballadoras.

Isto está a provocar, no eido salarial, unha perda de máis de 17 puntos, unha situación insostible, sobre todo, se se ten en conta o incremento dos prezos nos últimos anos.

Dende UGT Servizos Públicos

chámase a atención sobre o feito de que Valoriza si está actualizando e asinando novos convenios do memo sector, polo que non se entende o posicionamento de rexeitamento neste caso.

Dende UGT asegúrase que se vai intentar chegar a un acordo ata o último momento, se este non é posible, continuarase adiante coa convocatoria de folga.


UGT RECLAMA PLANS DE PREVENCIÓN DE ADICCIÓNS A TRAVÉS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

O sindicato advirte desde hai anos de que as condicións de traballo inflúen negativamente nas adiccións e puxo en marcha unha campaña de información e sensibilización

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras puxo en marcha unha campaña de sensibilización para a prevención de adiccións nas contornas laborais e incide en que as condicións de traballo inflúen negativamente nas adiccións con e sen substancias.

O módulo laboral da Enquisa sobre alcol e outras drogas en España, IDADES 2019-2020, lanza, entre outros datos, que hai maiores valores de consumo naqueles postos de traballo con condicións laborais máis desfavorables como son xornadas prolongadas, con pouco descanso, con rendemento alto, en traballos perigosos, ou nos que as persoas traballadoras enfróntanse a frío e calor e iso sen esquecermos dos riscos psicosociais que tamén están presentes, a pesar de que son os menos avaliados nas empresas.

De feito, o estudo destaca que na época estival as condicións de traballo que manifestan maior prevalencia de consumo de alcol (substancia máis consumida en España) son traballos con calor ou frío cun 14,3%, que é a terceira causa por detrás de penosidade no traballo (15,4%) e traballo perigoso (15,5%).



O sindicato considera que a empresa é o lugar idóneo para abordar a prevención das adiccións mediante a implantación de plans de prevención e acompañamento a través da negociación colectiva.

A empresa é o lugar idóneo para abordar a prevención

As persoas con problemas de consumo e de condutas adictivas son persoas enfermas e deben tratarse como tal e, para actuar desde o punto de vista preventivo, UGT elaborou material composto por un vídeo e 8 folletos preventivos onde se

abordan diversas cuestións relacionadas coa problemática das adiccións co fin de informar e sensibilizar ás persoas traballadoras. Unha campaña que foi posible grazas á Delegación do Goberno do Plan Nacional sobre Drogas.

A través do grupo de traballo que deriva do Consello Español de Drogodependencias e Outras Adiccións, no que participamos todos os axentes sociais, hai que impulsar o desenvolvemento e implantación destes plans de prevención e acompañamento en materia de adiccións, porque con eles gañamos todos e todas.